CONSORCIO DE SANTIAGO

newsletter

XUÑO 2025

OFICINA TÉCNICA

1. O Consorcio de Santiago conecta cunha pasarela de unión o conxunto de San Domingos de Bonaval

O Museo do Pobo Galego acolleu o día 6 de xuño a inauguración da pasarela de unión entre a ala sur e o corpo principal do conxunto de San Domingos de Bonaval, un proxecto que facilita a circulación entre as áreas expositivas do Museo do Pobo Galego. No acto estiveron presentes a alcaldesa e presidenta do Consorcio de Santiago, Goretti Sanmartín; a vicepresidenta primeira do Padroado do Museo do Pobo Galego, María Xosé Fernández Cerviño; o xerente do Consorcio de Santiago, José Antonio Domínguez Varela e a arquitecta da oficina técnica do Consorcio encargada do proxecto, Idoia Camiruaga.

Na actuación colocáronse dous elementos, unha pasarela sobre a escaleira do claustro e un tímpano de sectorización de incendios que segrega a ala sur en caso de necesidade, cunha resistencia mínima ao lume de 30 minutos. Ademais, serve tamén para manter a autonomía orixinal da ala sur e permitir unha mellor regularización das condicións climáticas en relación ao corpo principal do convento.

Máis información:
http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-conecta-cunha-pasarela-de-union-o-conxunto-de-san-domingos-de-bonaval

EXPOSICIÓNS

2. A exposición "Tras a pegada das musas" recolle obras da artista plástica compostelá Mareiras

O Consorcio de Santiago inaugurou o venres 6 de xuño a exposición "Tras a pegada das musas", que recolle na Casa do Cabido obras da artista plástica compostelá María Eiras, de nome artístico Mareiras. No acto de apertura acompañaron á artista a alcaldesa e presidenta do Consorcio Goretti Sanmartín Rei, o xerente do Consorcio José Antonio Domínguez e o coordinador da exposición Juan Conde Roa, quen leu unhas palabras da autora dos textos das salas, a profesora Begoña Álvarez Seijo, que se atopa nestes momentos no Wellesley College de Boston.

Esta mostra invita a realizar un camiño de recuperación e revalorización das mulleres artistas a través das obras de Mareiras, que ofrecen unha alternativa para reescribir e dar un novo significado aos modelos de musa e artista, invertendo estes roles tradicionais e reivindicando o lugar das mulleres como creadoras.

A exposición, con acceso de balde, está aberta en horario de martes a sábados de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00 a 21:00h e domingos de 11:00 h a 14:00 h.

Máis información:
http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/exposicion-tras-pegada-das-musas-recolle-obras-da-artista-plastica-compostela-mareiras

3. A artista compostelá Mareiras pintará en vivo na Casa do Cabido

A artista plástica compostelá María Eiras, de nome artístico Mareiras, pintará en directo nas dependencias da Casa do Cabido, que actualmente acolle a exposición "Tras a pegada das musas", un cadro de grande formato, nunha acción coa que se busca reivindicar o papel da muller como creadora, máis alá do tradicional de musa ou pupila.

Estas accións faranse ao longo da exposición, que ten como data de peche finais de outubro, e permitirán ao público a posibilidade de contemplar en tempo real o proceso creativo da artista. A próxima destas sesións terá lugar o día 10 de xullo, entre as 18:00h e as 20:00h.

Máis información:
http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/artista-compostela-mareiras-pintara-en-vivo-na-casa-do-cabido

PUBLICACIÓNS

4. O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia coeditan un libro que recolle cantigas vencelladas á cidade

O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia presentaron este martes 24 de xuño no Museo do Pobo Galego a obra "Cantigueiro de Compostela", unha recompilación de cantigas vencelladas a Santiago de Compostela escolmadas por Marcos Calveiro e Alba Gil Vicente e pertencente á Biblioteca Literaria do Consorcio.

En "Cantigueiro de Compostela" distínguense dous grupos de cantigas. Por unha banda, aquelas recollidas en Santiago de Compostela, especialmente no lugar de Folgoso e na parroquia de Santa María de Figueiras. Por outra banda, as cantigas onde se menciona á cidade, o seu santo, os seus mosteiros, de San Martiño a San Francisco, e algunhas das rúas máis senlleiras, do Vilar á Caldería, ou lugares, como Conxo e o Pico Sacro. Na publicación as cantigas van acompañadas por imaxes do século XX de Santiago de Compostela feitas por Ramón Sánchez Estalote, cuxo fondo fotográfico é custodiado no Arquivo Gráfico do Consorcio de Santiago.

Máis información:
http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-e-editorial-galaxia-coeditan-un-libro-que-recolle-cantigas-vencelladas

MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

1. A Real Filharmonía de Galicia presenta a súa nova temporada: "Historias"

A Real Filharmonía de Galicia presentou a súa nova temporada de 2025-2026, que leva por título 'Historias'. Coincidindo coa celebración do seu 30 aniversario, a nova programación aposta polo talento galego, a creación contemporánea e pola proxección da orquestra cara ao futuro.

O xoves 19 de xuño tivo lugar no Auditorio de Galicia un concerto especial dirixido por Baldur Brönnimann e aberto a toda a cidadanía, no cal se presentaron as chaves do que será a nova temporada.

Ao día seguinte, o venres 20 de xuño, tivo lugar un acto de presentación na Sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia, que contou coa participación da alcaldesa e presidenta do Consorcio de Santiago, Goretti Sanmartín; da concelleira de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica do Concello de Santiago de Compostela Míriam Louzao; do xerente do Consorcio de Santiago José Antonio Domínguez Varela; do director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia, Baldur Brönnimann; así como da directora técnica da orquestra, Sabela García Fonte e do director-xerente do Auditorio de Galicia, Xaquín López González.

A vindeira temporada da Real Filharmonía de Galicia artéllase arredor de varios piares principais que combinan memoria, talento galego, novas creacións, accións pedagóxicas e compromiso territorial. Así, a RFG renderá homenaxe aos nomes que contribuíron ao prestixio e evolución artística da orquestra e tamén porá en valor as figuras que están construíndo a historia musical de hoxe.

Máis información:
https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-presenta-a-sua-nova-temporada-historias/

2. A Real Filharmonía de Galicia actuará este verán en Vila de Cruces, Lalín, Noia, Mondoñedo e barrios composteláns

A Real Filharmonía de Galicia segue apostando polo compromiso territorial arredor de Galicia programando concertos en diversas vilas galegas. Deste xeito, durante os meses de xuño, xullo e agosto, a RFG actuará en distintos barrios da cidade de Santiago e, ademais, participará en emblemáticos festivais de música clásica en diversas cidades galegas.

Para máis información sobre a programación e detalles dos concertos, pódese consultar a páxina da Real Filharmonía de Galicia.

Máis información:
https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-actuara-este-veran-en-vila-de-cruces-lalin-noia-mondonedo-e-barrios-compostelas/

3. A Real Filharmonía de Galicia actúa en Galeras e Conxo como parte da súa programación estival

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu os días 12 e 13 de xuño dous concertos, o primeiro na Casa das Máquinas (Galeras) e o segundo na Igrexa de Nosa Señora da Mercé de Conxo. Os espectáculos foron en colaboración coa Escola de Altos Estudos Musicais, e con entrada libre ata completar a capacidade.

Trátase dunha iniciativa que se atopa dentro do compromiso da RFG coa formación de novos músicos profesionais e que, ademais, busca achegar a música clásica á cidadanía ao promover espazos de intercambio accesibles aos máis variados públicos.

Máis información:
https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-actua-en-galeras-e-conxo-como-parte-da-sua-programacion-estival/

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

1. A EAEM publica a relación de admitidos e lista de espera para o CEI 25-26

A Escola de Altos Estudos Musicais publicou a relación de admitidos e a lista de espera para o curso 2025-26 do Curso de Especialización Instrumental. O obxectivo deste curso é formar a novos músicos galegos a partir da experiencia de profesores altamente cualificados.

Máis información CAEO:
https://eaem.es/gl/noticias/a-eaem-publica-a-relacion-de-admitidos-e-os-horarios-das-probas-de-acceso-do-cei/

2. Remata o Curso de Corda para Nenos da EAEM

O sábado día 7 de xuño tiveron lugar na EAEM as presentacións finais do Curso de Corda para Nenos. O curso está dirixido a estudantes de 5 a 14 anos, e fai especial fincapé na formación dos nenos desde o inicio dos seus estudos musicais nas especialidades de corda.

Máis información CAEO:
https://eaem.es/gl/noticias/fotos-dos-concertos-do-curso-de-corda-para-nenos/

3. O alumnado do CAEO ofrece unha serie de concertos como colofón dos seus estudos

O alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO) ofreceu unha serie de concertos como colofón dos seus estudos no Paraninfo da Facultade de Historia da USC. Esta iniciativa, que pertence ao ciclo "A Escola na Cidade", representa o colofón dos seus estudos e o alumnado estivo acompañado polos seus respectivos titores.

Máis información CAEO:
https://eaem.es/gl/noticias/galeria-de-fotos-dos-concertos-de-fin-de-curso-do-caeo/

consorciodesantiago.org